

FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO MODALIDADE DA PRECISIÓN

NORMAS DE PARTICIPACIÓN NOS CAMPIONATOS AUTONÓMICOS CLASIFICATORIOS, FINAIS E NACIONAIS DA MODALIDADE DE PRECISIÓN PARA O ANO 2012 (Aprobadas na Asemblea Xeral de data 03 de Marzo de 2012)

Segundo o artigo 48 da Lei 11/1.997, de data 22 de agosto, xeral do deporte para Galicia só serán competicións oficiais as que figuran como tales no calendario da Federación Galega de Tiro Olímpico.

As competicións oficiais da Federación Galega de Tiro Olímpico (FEGATO) publicaranse nun calendario oficial, e rexeranse:

-Polas súas propias normas de organización e técnicas, tendo como supletorias o estipulado nos regulamentos da ISSF, MLAIC, IPSC, así como os xerais e específicos da Real Federación Española de Tiro Olímpico. A FEGATO, como organizadora das Competicións no ámbito Autonómico, poderá introducir as modificacións ou adaptacións que considere oportunas e necesarias para o mellor desenvolvemento das mesmas.

Calquera situación non prevista nestas normas será o Comité designado en cada competición o que decida e resolva sobre o particular e, en última instancia, o Comité de Apelación da Federación Galega de Tiro Olímpico.

Para participar nos campionatos autonómicos e nacionais haberán de observarse as seguintes normas.

TIRADORES

- Para participar nas competicións programadas pola Federación Galega de Tiro Olímpico deberán ter a Licenza federativa galega en vigor.
- Para poder participar nas competicións oficiais de carácter nacional deberán posuír a Licenza federativa nacional en vigor, solicitandoa, a través da FEGATO, nos tres primeiros meses do ano. Aqueles tiradores que desexen inscribirse en algunha competición que comenza dentro dos tres primeiros meses, deberán tramitar a renovación da súa licenza nacional coa antelación suficiente. Enténdese por antelación suficiente, como mínimo 10 días hábiles, antes da data límite de inscrición da competición. Consideranse días non hábiles, para este efecto, os sábados, domingos e festas nacionais non sustituíbles. (normas da RE.FE.deTO. 21/01/2012). A licenza lle será remitida pola Real Federación Española de Tiro Olímpico o seu domicilio.
- Os tiradores júniors que desexen participar en modalidades nas que se empreguen armas de fogo que inclúan a súa clase de tirador teñen, como requisito indispensable, que ter cumpridos os 18 anos de idade e posuír a Licenza de armas en vigor.
- Os tiradores maiores de 16 anos e menores de 18 anos que participen en competicións nas que se utilicen armas de fogo, deberán cumprir integramente co disposto no Artigo 109 e concordantes do Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas", polo tanto os tiradores de 16 a 18 anos, que cumpran co disposto no Regulamento de Armas, poderán participar na clase de tirador "júniors", aínda que é unha categoría superior a súa, debido a que en armas de fogo non hai categoría xuvenil".

Clases de tirador:

As clases de tirador por *idades e sexos para o presente ano nas modalidades de Armas Neumáticas serán as seguintes:

- Alevíns, masculinos e femininos, tiradores menores de 13 anos
- Infantís, masculinos e femininos, tiradores con 13 e 14 anos
- Cadetes, masculinos e femininos, tiradores con 15 e 16 anos
- Xuveniles, masculinos e femininos, tiradores con 17 e 18 anos
- Júniors, masculinos e femininos, tiradores con 19 e 20 anos
- Séniors, homes, tiradores a partires dos 21 anos
- Donas, mulleres, tiradoras a partires dos 21anos
- Veteranos, masculinos e femininos, a partires dos 55 anos.

As clases de tirador por *idades e sexos para o presente ano nas modalidades de Armas de Fogo serán as seguintes:

- Júniors, masculinos e femininos, tiradores con 18, 19 e 20 anos
- Séniors, homes, tiradores a partires dos 21 anos
- Donas, mulleres, tiradoras a partires dos 21anos
- Veteranos, masculinos e femininos, a partires dos 55 anos.

(*Idades o 1 de Enero do ano en curso)

Para os veteranos/as e segundo a participación da cada tirada, e sempre a xuízo da FEGATO, poderanse establecer as seguintes clases:

- Clase “A”, que vai dende 55 os 64 anos de idade
- Clase “B”, dos 65 anos en diante

Cambios de clase de tirador

- Todos os tiradores cambiarán de clase no mesmo ano en que cumpran a idade mínima fixada salvo os veteranos, que é optativa. Deberán solicitala por escrito á Federación Galega de Tiro Olímpico antes do 30 de Novembro, no caso contrario estos seguiran na crase Senior. O tirador deberá preocuparse de que a súa categoría galega coincida coa categoría que ten asinada na licenza federativa nacional, de non ser así non serán seleccionados para a formación de equipos galegos nos campionatos nacionais.

- Os tiradores que desexen participar en clases de idade superior a que posúen, excepto na de veteranos, deben comunicalo á FEGATO antes de participaren en calquera competición que esta organice e renunciar á que posúe non podendo participar, durante o ano, noutra distinta á que elixiu.

PROBAS DE OBTENCIÓN LICENZA ARMAS DE CONCURSO TIPO “F”

Os tiradores federados interesados en presentarse a proba para a obtención da “Licenza de Armas de Concurso Tipo “F” “ deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar en posesión da Licenza Federativa do ano en curso.
- Levar federado un mínimo de 2 meses e haber realizado, segundo certificado do club, a instrucción o curso necesario que o habilite para a presentación(para os casos que non houberan tido licenza anteriormente).
- Inscribirse coa antelación suficiente, 10 días, a data fixada para o examen na súa Delegación Provincial, establecéndose como hora de peche as 20,00 horas.
- Presentar no momento da inscrición o xustificante de abono , 30,00 € dos dereitos de examen e certificado.
- En caso de non poder asistir o examen deberá comunicalo con 48 horas a súa Delegación, de non o facer, no caso de presentarse noutra convocatoria deberá aboar as taxas de novo.
- Para o non regulado nestas normas, será de aplicación a Guia de Iniciación e Adaptación o Tiro Deportivo da RE.FE.deTO, de data 01/08/211. (Podese baixar unha copia das mesmas no apartado “Descargas” da páxina web da FEGATO.)

COMPETICIÓN INTERPROVINCIAIS PARA O ASCENSO DE CATEGORÍA

Poderán participar todos os tiradores, en posesión da Licenza federativa do ano en curso, que teñan Licenza de armas Tipo “F” de 3ª Clase e que desexen ascender a 2ª Clase.

Inscricións:

- As inscricións deberán facerse na Delegación Provincial. Os tiradores de outras Provincias deberan facelo nas delegacións de orixen.
- O prazo de inscrición remata 6 días antes da celebración do campionato establecéndose como hora de peche as 20,00 horas. Xunto coa solicitude de inscrición debe achegarse o xustificante de ingreso.
- A cota de inscrición é de 6 ,00 € e será ingresada na conta da Delegación antes de que remate o prazo de inscrición.

MODALIDADES DA “I.S.F.F.” E “M.L.A.I.C.”

CAMPIONATOS AUTONÓMICOS CLASIFICATORIOS

Poderán participar todos os tiradores con Licenza federativa do ano en curso expedida a través da provincia que organiza o campionato.

Os tiradores con Licenza federativa expedida a través doutra provincia galega poderán participar fóra de concurso e só para efectos de puntuación de cara á participación nos campionatos autonómicos finais, ascenso de clase ou renovación da Licenza de armas. A inscrición farana a través da súa delegación

INSCRICIÓNS:

-Deberán formalizarse nas delegacións provinciais organizadoras dos campionatos, de acordo coas normas da FEGATO.

-- O prazo de inscrición remata 6 días antes da celebración do campionato, establecendose como hora de peche as 20.00 horas.

- A cota de inscrición é de 6 ,00 € por modalidade , e será ingresada na conta da Delegación antes de que remate o prazo de inscrición.

Tandas e Postos

Os postos, tandas, etc., así como as horas de competición exporanse na web da Federación Galega, Delegacións Provinciais e no club sede do campionato.

TROFEOS*:

- 1 Participante na Modalidade ou na Categoría
 - Diploma
- 2 Participantes na Modalidade ou na Categoría
 - o 1º Diploma
 - o 2º Diploma
- o 3 participantes na Modalidade ou na Categoría.
 - o 1º Medalla e diploma
 - o 2º Diploma
 - o 3º Diploma
- o 4 a 5 participantes na modalidade ou na categoría
 - o 1º Medalla e Diploma
 - o 2º Medalla e Diploma
 - o 3º , 4º e 5º Diploma
- o Mais de 6 participantes na Modalidade ou na Categoría
 - o 1º ,2º e 3º Medalla e diploma
 - o 4º,5º e 6º diploma

* a medalla poderá ser substituída por trofeo

Nos campionatos autonómicos clasificatorios non se celebrarán finais olímpicas en ningunha modalidade

CAMPIONATOS AUTONÓMICOS FASES FINAIS

Poderán participar: todos os tiradores que interveñan nos campionatos autonómicos clasificatorios e que acaden as puntuacións mínimas que, para cada modalidade e clase, se sinalan no anexo como BAREMO “A”.

Os tiradores que no campionato autonómico final do ano anterior acadasen, nesa modalidade e clase, a puntuación que se sinala no anexo como BAREMO “A”.

Nas modalidades olímpicas celebraranse finais sempre que no campionato participen polo menos 6 tiradores.

INSCRICIÓNS:

- A cota de inscrición será gratuíta en todas as modalidades agás a de percorridos de tiro, que a fixará o club organizador .
- Os tiradores que reúnan os requisitos esixidos deberán inscribirse a través da súa delegación provincial antes de que remate o prazo de inscrición.
-
- O prazo de inscrición remata 11 días antes da celebración do campionato establecéndose como hora de peche as 20,00 horas.
- Os tiradores inscritos, de non poder participar, teñen a obriga de comunicalo á organización coa maior brevidade posible.

Sorteos:

Nas datas seguintes ó peche da inscrición celebrárase o sorteo correspondente ós postos, tandas, etc., así como as horas de competición e finais se as houbese por razóns da modalidade. A relación resultante exporase na web da Federación Galega, nos taboleiros da propia Federación Galega, delegacións provinciais e no club sede do campionato.

Será responsabilidade do tirador comprobar que tanto a súa inscrición coma os seus datos foron incluídos correctamente nas listas expostas. Calquera erro detectado deberá comunicárselle, antes do Xoves anterior á data da celebración, ó comité organizador para a súa corrección; de non facelo así o día da competición o xurado de competición pódese negar, aínda que non sexa responsabilidade do tirador, admitilo na competición.

Horarios:

Como norma xeral, salvo indicación en contra, as competicións comezarán ás 9.30 horas debendo o tirador presentarse con tempo abondo, segundo a tanda, para realizar as operacións de control de armas e equipos.

Se ó comezo dunha entrada queda un posto baleiro non se cubrirá, de presentarse o tirador que o tiña asignado aplicáraselle o estipulado nos regulamentos en vigor.

CAMPIONATOS AUTONÓMICOS FASES FINAIS DE CLUBS:

- Os clubs, para poder participar nos campionaos galegos fases finais de clubs, deberán estar inscritos na Federación Galega de Tiro Olímpico e ter aboad o canon federativo do ano en curso.
- Os tiradores que participen só poderán representar o club que figure na súa Licenza federativa.
- Os equipos constarán de tres tiradores , podendo presentar cada club os equipos que desexe. Poderán ser de calquera clase de tirador que compitan o mesmo día e baixo condicións semellantes, tendo que ser obrigatoriamente da mesma modalidade.
- Nas modalidades de Avancarga os equipos estarán formados por tres tiradores. Só se presentarán equipos nas modalidades de “**Peterlongo**”, “*** Forsyth**”e “**Pfzorheim**”. * **Kuchenreuter Réplica**
- Celebraranse ó mesmo tempo cos campionatos autonómicos finais, agás a Copa Galicia, polo que os tiradores participantes deben cumprir as esixencias destes. Ó rematar cada campionato darase unha clasificación individual e outra dos equipos por clubs e modalidade.

Premios:

Diploma ós 1º, 2º e 3º equipos clasificados.

CAMPIONATOS AUTONÓMICOS GALEGOS CON CARÁCTER NACIONAL:

- Os campionatos autonómicos nas súas fases finais serán considerados pola Real Federación Española de Tiro Olímpico, os efectos de acadar a Licenza de armas “F” de primeira clase ou obter a súa renovación, como fases preliminares dos campionatos de España. Para acadar esta condición deberán participar polo menos dez tiradores.

-Os tiradores que desexen participar deberán manifestalo no momento da súa inscrición e posuír a Licenza nacional expedida pola Real Federación Española de Tiro Olímpico.

-Os deportistas de fóra da Federación Galega poderán participar nos campionatos autonómicos con carácter nacional pero sempre fóra de concurso, sen dereito a axudas, trofeos, medallas ou diplomas. Figurarán na acta de resultados como F.C.(Fóra de concurso) . Deberán ter a Licenza federativa nacional e achegar o certificado de puntuación acadada, igual ou maior á mínima esixida, para participar en campionatos nacionais no campionato correspondente da federación á que pertenza. A inscrición farana a través da súa federación territorial e o seu importe será de 6,00 € por modalidade que deberá ingresar na conta da FE.GA.TO., antes de que peche o prazo de inscrición.

En Xeral:

- Para participar nos campionatos organizados pola FEGATO, ou en competicións nacionais, nas que a inscrición teña que ser a través da Federación Galega, os tiradores deberán formalizar as inscricións nas delegacións provinciais. Non se admitirá ningunha inscrición que non se realice a través das delegacións provinciais.
- No momento da inscrición deberanse facilitar os seguintes datos: Número de licenza, nome e apelidos, categoría deportiva, Club ou Delegación de pertenza e o ano de nacemento no caso dos veteranos.
- No caso de inscricións para os campionatos nacionais tamen se facilitará o número do D.N.I.
- As cotas de inscricións serán ingresadas na conta da Delegación respectiva antes de que remate o prazo de inscrición.
- No caso de Competicións nacionais as cotas de inscrición se ingresarán na conta de Federación Galega antes de que remate o prazo de inscrición.

COMPETICIÓN CON CARÁCTER DE FASE PRELIMINAR DOS CAMPIONATOS DE ESPAÑA

Modalidades de armas olímpicas:

- Pistola Libre.
- Pistola Donas e 30 + 30
- Pistola Velocidade
- Carabina Tendido (50 m)
- Carabina 3 x 20 e 3 x 40

Modalidades armas deportivas

- Pistola Estándar
- Pistola Fogo Central
- Pistola 9 mm

Modalidade de percorrido de tiro

- División Open
- División Estándar
- División Producción

Modalidade FClass

- Rifle larga distancia 300 mts
- Rifle larga distancia 500 mts.

AXUDAS EN CAMPIONATOS AUTONÓMICOS FASES FINAIS

Premios en metálico:

Durante o presente ano aboaranse en premios en metálico para desprazamentos e estancias as que se sinalan no BAREMO “ D “.

Os tiradores de clase júnior cobrarán as mesmas axudas que os sénior. A puntuación que deben obter é a que se sinala no BAREMO “D” reducida en 10 puntos.

TROFEOS*:

Cando concorran menos de tres tiradores non se celebrará a fase final do Campionato Autonómico Final (exclúense desta norma os xuvenís e cadetes), os tiradores inscritos consideraranse clasificados para o campionato nacional

- 1 Participante na Modalidade ou na Categoría
 - Diploma
- 2 Participantes na Modalidade ou na Categoría
 - o 1º Diploma
 - o 2º Diploma
- o 3 participantes na Modalidade ou na Categoría.
 - o 1º Medalla e diploma
 - o 2º Diploma
 - o 3º Diploma
- o 4 a 5 participantes na modalidade ou na categoría
 - o 1º Medalla e Diploma
 - o 2º Medalla e Diploma
 - o 3º, 4º e 5º Diploma
- o Mais de 6 participantes na Modalidade ou na Categoría
 - o 1º, 2º e 3º Medalla e diploma
 - o 4º, 5º e 6º diploma
 - o

Ó final de cada campionato autonómico final entregaranse as medallas* e diplomas asignados.

(* a medalla poderá ser substituída por trofeo)

XXIII EDICIÓN DA COPA GALICIA

A Copa Galicia disputarase na Modalidade de Pistola Aire 60 e 40.

Poderán participar os tiradores máis destacados das modalidades designadas de todas as clases de tirador agás xuvenís e inferiores. A clasificación farase segundo o resultado que se acadou no campionato autonómico final; en función destes consideraranse clasificados:

- Os 15 tiradores que acaden as mellores puntuacións no Campionato Autonómico Final de Pistola Aire (60)
- As 8 tiradoras que acaden as mellores puntuacións no Campionato Autonómico Final de Pistola Aire (40)

A puntuación de clasificación será a puntuación individual sen final

De existires empate para a clasificación procederase o desempate polo maior número de 10,9,8, etc.....de seguir existindo empate se clasificara por sorteo.

- Para a súa celebración é imprescindible a inscrición de seis tiradores, como mínimo, por modalidade .
- Os tiradores que se clasifiquen teñen, obrigatoriamente, que solicitar a súa inscrición a través das delegacións de orixe
- As normas e prazos de inscrición serán os mesmos que se aplican para os Campionatos Autonómicos Finais.

(A participación establece en función da participación e dispoñibilidade da Galería)

Trofeos:

- 1º, Copa ou medalla e diploma
- 2º e 3º Copa ou medalla e diploma
- 4º, 5º y 6º Diploma
- do 7º en diante Diploma de participación

GAÑADORES DAS ÚLTIMAS EDICIÓNS

ANO	MODALIDADE	GAÑADOR	PUNTOS	CON FINAL
1999	Pistola Aire Homes	Manuel Martínez Varela	571	668,5
1999	Pistola Aire Donas	Manuela Garabal Piñeiro	374	-----
2000	Pistola Libre	Carlos Iglesias Pérez	540	624,5
2001	Pistola Aire Homes	Manuel Martínez Varela	570	667,6
2001	Pistola Aire Donas	Manuela Garabal Piñeiro	371	-----
2002	Pistola Aire Homes	Manuel Martínez Varela	566	664,8
2003	Pistola Aire Homes	Manuel Martínez Varela	572	664,7
2004	Pistola Aire Homes	Jose Luis Fernandez Flores	574	669,7
2005	Pistola Aire Homes	Julio Rivas Iglesias	580	681,3
2006	Pistola Aire Homes	Manuel Martinez Varela	572	669,1
2007	Pistola Aire Donas	Evelyn Manchon Maume	373	470,4
2007	Pistola Aire Homes	Julio Rivas Iglesias	581	683,2
2008	Pistola Aire Donas	Manuela Garabal Piñeiro	371	371,00
2008	Pistola Aire Homes	Manuel Martinez Varela	577	677,80
2009	Pistola Aire Donas	Manuela Garabal Piñeiro	360	458,7
2009	Pistola Aire Homes	Manuel Martinez Varela	572	670,60
2010	Pistola Aire Homes	José Luis Fernández Flores	569	664
2010	Pistola Aire Donas	Nuria García González	366	454,90
2011	Pistola Aire Homes	Miguel Sanchez Gomez	562	660,90
2011	Pistola Aire Donas	Andrea Barrio Arias	363	457,40

CAMPIONATOS NACIONAIS

- Os tiradores que desexen participar en campionatos organizados pola Real Federación Española de Tiro Olímpico deberán posuír a Licenza federativa nacional en vigor, solicitandoa, a través da FEGATO, nos tres primeiros meses do ano. Aqueles tiradores que desexen inscribirse en algunha competición que se dispute dentro dos tres primeiros meses, deberán tramitar a renovación da súa licenza nacional coa antelación suficiente- enténdese por antelación suficiente, como mínimo 10 días hábiles, antes da data límite de inscrición da competición-. Consideranse días non hábiles, para este efecto, os sábados, domingos e festas nacionais non sustituíbles. (normas da RE.FE.deTO. 21/01/2012).
- Os tiradores que desexen participar en campionatos organizados pola Real Federación Española de Tiro Olímpico deberán estar en posesión da Licenza federativa nacional en vigor, a solicitaran a través da FE.GA.TO . no primeiro Trimestre do Ano e sempre con dez (10) días de antelación o remate do prazo da inscrición (normas da RE.FE.deTO. 21/01/2012).
- A inscrición, que se deberá formalizar nos impresos oficiais da RE.FE.deTO., serán remitidas a súa delegación provincial 72 horas antes de que finalice o prazo sinalado pola REFEdETO. Os importes das cotas serán ingresados na conta da Federación Galega antes de que remate o prazo de inscrición.

FORMACIÓN DE EQUIPOS E BOLSAS DE AXUDA PARA OS CAMPIONATO DE ESPAÑA

EQUIPOS

- Sempre que a FEGATO o estime conveniente, en base ó nivel dos posibles asistentes, enviarase un equipo galego que represente a Galicia nos campionatos de España.
- Os equipos da FEGATO estarán compostos por tres tiradores e formaranse da seguinte maneira:
 - Para poder formar parte do equipo Galego os tiradores deberán ter a mesma categoría deportiva na FE.GA.TO. que na Real Federación Galega de Tiro, de non ser así non serán seleccionados para a formación de equipos galegos nos campionatos nacionais.
 -

- Os dous primeiros compoñentes serán os dous primeiros clasificados, coas puntuacións mais altas, nas fases finais dos Campionatos Autonómicos, sempre que acadasen as puntuacións mínimas esixidas no BAREMO “B”, o terceiro designarase a criterio da FEGATO.
- A puntuación de clasificación será a puntuación individual sen final
- De existires empate para a clasificación procederase o desempate pólo maior número de 10,9,8, etc.....de seguir existindo empate se clasificará por sorteo.
- Unha vez formado o primeiro equipo, e se as puntuacións obtidas no correspondente Campionato Autonómico están dentro do devandito BAREMO “B”, poderán inscribirse máis equipos sempre que as disposicións económicas o permitan.
- Caso de non celebrarse o campionato autonómico da modalidade a FEGATO nomeará, se o considera oportuno, os tres tiradores máis acreditados para formar o equipo Galego.
- Un tirador representará a Galicia cando así o propoña a FEGATO mediante a súa inscrición oficial.
- Si por coincidencia de datas con algunha das Fases da Copa de SS.MM. o Rei e a Raíña, ou con algunha competición internacional, algún tirador non poidese participar nas Fases finais, para non perxudicar os intereses deportivos dos que nos representan a nivel nacional ou internacional, validaranse a todos os efectos os resultados que poidesen obter en ditas probas.
- Ós componentes dos equipos galegos se lle aborán as inscricións e as cotas das modalidades da que forme equipo.

Bolsas de axuda

Os tiradores solicitarán as bolsas de axudas, dos campionatos de España, a que teñan dereito co formulario correspondente. Dito formulario pódeno baixar da páxina web de FEGATO, solicitandoo na Delegación, na sede da FEGATO ou no seu Club.

As Bolsas de axuda programadas nas distintas probas dun campionato non serán acumulables, obtendo o tirador a de maior contía.

Para o presente ano aboaranse en concepto de bolsas de axuda para desprazamentos e estancias as seguintes cantidades:

- Ata 500 km, a contar dende a sede federativa..... 270.00 €
- A partir de 500 km300.00 €

Os tiradores dos Equipos Galegos terán bolsa de axuda sempre que as puntuacións obtidas se axusten ó indicado no BAREMO “C”, de non conseguir as puntuacións esixidas no devandito baremo percibirán unha bolsa de 180,00 €

Os tiradores dos Equipos Galegos que nun mesmo campionato representen a Galicia en varias modalidades percibirán, a partires do segundo día de competición, unha axuda de custo reducida por día de competición

Tamén percibirán bolsas de axuda nos campionatos de España os tiradores que queden clasificados nos 8 primeiros postos sempre que as puntuacións obtidas se axusten o indicado no BAREMO “C”, de non conseguir as puntuacións esixidas no devandito baremo percibirán unha bolsa de 180,00 €

Os tiradores que non estando no caso anterior alcancen o superen as puntuacións que se sinalan no BAREMO “C”. percibirán unha axuda de 100,00 €

Os tiradores de clase júnior cobrarán as mesmas axudas que os sénior. A puntuación que deben obter é a que se sinala no BAREMO “C” reducida en 10 puntos.)

Na Copa de SS. MM. o rei e a raíña(CSSMM), e nas fases de clasificación para o Campionato de Europa de Armas Históricas(CEAH), percibirán axuda os que a final destas cumpran as seguintes condicións:

- 300.00.- €- os que asistan ás tres fases e queden entre os oito primeiros postos
- 240.00.- €- os que asistan a dúas fases e queden entre os oito primeiros postos
- 150.00.- € os que asistan as tres fases aínda que non queden entre os oito primeiros postos.

Ós tiradores de clases inferiores a Júnior a FEGATO proporcionaralles transporte, manutención e aloxamento.

Ós tiradores júniors, xuvenís e cadetes, se os ingresos o permiten, recibirán axudas para concentracións, cursos de formación, perfeccionamento, material deportivo, vestimenta etc.

As inscricións dos tiradores galegos na Copa Príncipe de Asturias serán por conta da Federación Galega

Ademais das bolsas de axudas establecidas para cada campionato os tiradores que acaden unha medalla individual recibirán as axudas seguintes :

- Medalla de Ouro.....100,00 €
- Medalla de Prata.....75,00 €
- Medalla de Bronce.....50,00 €

A xunta directiva da FEGATO, previa aprobación da Comisión delegada, poderá aumentar ou diminuír as axudas segundo as disposicións económicas.

Os tiradores que asistan a campionatos de España en representación da FEGATO comprométese, polo feito de ser inscritos, a rematar as competicións e esperar a final destas.

Os compoñentes do equipo galego que resulten clasificados deberán esperar a entrega de trofeos e recibir a honra que lles corresponda. Proporcionaráselles vestimenta con anagramas da FEGATO, que deberán usar, obrigatoriamente, na entrega de trofeos, medallas ou diplomas.

A negativa a formar equipo sen causa xustificada ou o incumprimento das normas anteriores suporá a non percepción da axuda correspondente así como o veto para formar equipos que representen á Federación Galega de Tiro Olímpico.

Para percibir as axudas programadas os tiradores teñen que cumprir co disposto no artigo 3 do Estatuto de Autonomía para Galicia.

De non acudir o presidente ou vicepresidente da Sección de Precisión nomearase a un Delegado Federativo que representará á FEGATO no campionato designado, coa obriga de exercer as funcións encomendadas. Unha vez finalizada a competición deberá, á maior brevidade posible, remitir informe do desenvolvemento do Campionato para constancia da Federación. De non ir formando parte do equipo, aboaráselle os gastos de desprazamento, máis unha axuda de custo reducida por cada día de competición, mais outra polo día anterior ó inicio da Competición.

Se o Delegado Federativo é compoñente dos equipos da Federación Galega de Tiro Olímpico, aboaráselle unha axuda de custo reducida por cada día de competición mais outro polo día anterior ó inicio da Competición

CAMPIONATOS INTERAUTONÓMICOS E OUTRAS COMPETICIÓNS

Para competicións de carácter interautonómico e outras nas que a Federación Galega de Tiro Olímpico considere necesaria ou beneficiosa a participación de equipos galegos a FEGATO nomeará os compoñentes dos equipos que a representen coas mesmas condicións e normas que para as competicións nacionais.

GASTOS POR ARBITRAXE

No presente ano aboaranse por gastos de arbitraxes as seguintes cantidades:

- Axuda de 45,00 €(media xornada- a las 15 horas)
- Axuda de 90,00 €(xornada completa)

Para non especificar todas as situacións que puidesen darse aplícase o Decreto 21/1994, de 4 de febreiro, da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, sobre indemnizacións por razón de servizo ó persoal con destino na Administración Autonómica de Galicia.

Para poder arbitrar nas competicións oficiais será necesario posuír a Licenza federativa de xuíz-árbitro en vigor e que a esta teña liquidado o seguro deportivo.

Para aboar os gastos por actuacións doutros técnicos aplicarase o disposto no devandito decreto.

000000000000000000000000 O 000000000000000000000000

